

CC.OO. e UXT asinan o preacordo que desconvoca a folga esquecendo ao persoal de almacén e oficinas e sen consultalo cos traballadores

A USO non estaba, e a empresa tivo que apoiarse en CC.OO. e UXT para evitar seguir cedendo ante as reivindicacións da CIG.

O acordo acadado sería impensable sen folga, pero o traballo quedou a medias, ao asinarse unhas condicións inferiores ás de Pontevedra e que aumentan a diferenza con esa provincia.

Resumímosvo-las condicións preacordadas, pendentes de sinatura final:

- VIXENCIA: 3 anos,
- SUBA SALARIAL: 28€ lineais para tódalas categorías cada ano,
- Dependentes/as e caixeiros/as cobrarán un plus aos tres anos de antigüidade nesa categoría de 21€, (para chegar a caixeira, hai que pasar 3 anos de auxiliar de caixa, cousa moi difícil no Grupo GADISA; os repoñedores, para o mesmo, 9 anos, situación imposible)
- O salario de promoción da categoría de Mozo pasa de 17'37 a 21€.
- CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL: IPC + 0% aos 3 anos,
- O descanso para xornadas superiores a 6 horas aumenta de 15 a 20 minutos,
- A mobilidade xeográfica restrínxese aos concellos limítrofes,
- Aumento a 18 días a licenza por lactación,
- Ampliación do dereito de redución de xornada por coidado de fillos de até 10 anos,
- As xornadas de traballo que non superen as 4 horas serán continuadas,
- Licenza retribuída para renovar permisos de residencia.

A suba salarial significa que no ano 2010 imos cobrar, como mínimo, 840€ máis dos que tiña pensado a empresa conceder. Sen a loita e o esforzo de tódolos traballadores que secundámo-la folga hoxe estaríamos falando dun convenio que repetiría o que xa tiñamos en condicións salariais.

A CIG someterá este acordo a votación en asembleas que se celebrarán o próximo 10 de decembro.